







# “QUE DECIDO EU”

 <p>PARTICIPACIÓN POR SABER-QUERER-PODER</p>	 <p>TEMA</p>	 <p>FINALIDADE DA ACTIVIDADE</p>	 <p>DURACIÓN</p>	 <p>MATERIAIS</p>	 <p>OBXECTIVOS</p>
	<p>Como participar? Niveis e pasos</p>	<p>Facer un role playing tipo teatro foro sobre escenas cotiás para falar sobre os lugares onde deixan decidir a mozas e mozos</p>	<p>45-60´</p>	<p>Ningún</p>	<p>Coñecer cales son os pasos dun proceso participativo  Reflexionar sobre a nosa implicación nos diferentes pasos a seguir para exercer o dereito a participar</p>

**OLA, EQUIPO EDUCATIVO!**

**SABÍAS QUE...**

a participación de mozas e mozos é un proceso e unha aprendizaxe gradual que requiren como condición fundamental que “saiban”, “poidan” e “queiran” participar?

Todos os procesos participativos teñen como característica común que se escoite ás nenas, nenos e adolescentes e téñase en conta a súa opinión, pero varían os NIVEIS dependendo da medida na que interveñen e implicanse: estar informada, ser escoitada, ser consultada, dialogar e acordar as decisións, etc.

Canto máis profundo é o nivel de participación, maior é a capacidade de influir na toma de decisións e maior oportunidade de desenvolvemento persoal.

Os PASOS dun proceso participativo adoitan resumirse en:

- ➔ 1º Observar e escoitar: analizar que pasa na contorna.
- ➔ 2º Opinar e propoñer: reflexionar e achegar ideas para mellorar a situación.
- ➔ 3º Planificar e pasar á acción: actuar levando a cabo as ideas.
- ➔ 4º Dar a coñecer e avaliar: valorar se se produciu algún cambio social.

**OLA, MOZAS E MOZOS!  
INVITÁMOSVOS A...**

que saquedes os vosos talentos teatrais para facer unhas pequenas escenificacións.

- ➔ 1º Tendes que facer grupos e elixir o ámbito no que se vai a desenvolver a escena: colexio, barrio, etc. Ten que ser un espazo no que adoitedes estar xunto con persoas adultas.
- ➔ 2º Cada grupo debedes pensar unha pequena escena na que haxa diferentes personaxes. Nesa escena debe estar a ocorrer unha situación na que se ten que tomar unha decisión, por exemplo, no colexio a decisión pode ser como organizar os horarios do recreo, no barrio a decisión pode ser que facer co carril bici, etc.
- ➔ 3º Non fagades unha escena con final, xa que iso decidírase entre todos os grupos cando se vaian representando.
- ➔ 4º Tedes un tempo para pensar a escena que non debe durar máis de 1 minuto, así que debe ser unha escena que non sexa complicada, sen moito diálogo, que sexa máis de improvisación.
- ➔ 5º Ao rematar de preparalas, ides representando por quendas para que as vexan todos os grupos e poidades poñerlle un final entre todas as persoas e abrir un debate...

**...para reflexionar**

- ➔ De que depende que as nenas e nenos participen máis no colexio? E no barrio?
- ➔ Coñecedes en que outros espazos terían que participar as nenas e nenos?
- ➔ Que persoas adoitan favorecer máis a participación das nenas e nenos?

**A propoñer!**

- ➔ Que pasos son necesarios para que as nenas e nenos poidan participar?
- ➔ De que maneira poderían as nenas e nenos participar máis cando se deciden as cousas?







**Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#)**

**Suxerencias para adaptar a actividade**

- ➔ Non todo o mundo ten por que falar na escenificación, tamén pode haber personaxes que estean a interactuar doutras maneiras.
- ➔ Pódense facer gravacións estilo TikTok para logo proxectalas en lugar de escenificalas no momento para a posta en común.

**SE QUERDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!**

# “CON PINTA DE PARTICIPACIÓN”

PARTICIPACIÓN POR SABER-QUERER-PODER	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	<b>Onde participar?</b> Espazos e alcance	Levar a cabo unha acción conxunta para “decorar” e visibilizar o dereito á participación de nenos e nenas pintando con xiz no chan de diversos lugares	<b>45-60´</b>	<b>Xices de cores</b>	Coñecer <b>onde</b> participar, <b>tanto nos espazos</b> (fogar, centro educativo, espazo comunitario...) <b>como no alcance</b> que teñen as opinións e propostas que se fan (grupal, local, autonómico, estatal)  Reflexionar sobre as <b>dificultades</b> que existen nos diferentes espazos e ámbitos onde se participa

**OLA, EQUIPO EDUCATIVO!**

## SABÍAS QUE...

as nenas, nenos e adolescentes poden e deben participar en todos os espazos para poder tomar parte nas decisións que lles afectan?

Os ESPAZOS deben ser seus e reais:

- ➔ **O lugar no que viven:** debe recoñecer e fomentar o dereito para participar a través da negociación, o intercambio de informacións, a corresponsabilidade, etc., sen importar o modelo de fogar senón o rol que este cumpre.
- ➔ **O centro educativo:** debe recoñecer e fomentar o dereito para participar a través de iniciativas que permitan ao alumnado intervir na organización e na toma de decisións a través de estruturas establecidas.
- ➔ **O espazo comunitario** (barrio, pobo, cidade...): o lugar onde se está en contacto co resto da cidadanía debe recoñecer e fomentar o dereito para participar como parte da construción dun proxecto común.

O ALCANCE da participación cidadá debe empezar desde a contorna máis próxima ata o máis global. Onde se toman decisións, xa sexa **a nivel local ou municipal, a nivel autonómico ou a nivel estatal...** as nenas, nenos e adolescentes.

## Antes da actividade

- ➔ Organizar os posibles espazos aos que se vai a ir para valorar os modos e tempos de desprazamento.
- ➔ Se se vai a facer nalgún sitio acoutado, como un colexio, sería conveniente informar ao equipo directivo.

**OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOVOS A...**

fagades “unha pintada” como acción para dar a coñecer o dereito á participación de nenas e nenos en diferentes espazos.

- ➔ 1º Tedes que facer unha listaxe de palabras ou frases para “reivindicar o voso dereito á participación”. Algunhas ideas poden ser: “escoita a nosa opinión”, “queremos participar”, “opinamos”, etc.
- ➔ 2º Entre todo o grupo tendes que falar sobre os lugares nos que vos gustaría que se coñecese que as nenas e nenos teñen dereito á participación como, por exemplo, o colexio, a praza do concello, a porta dun centro cultural, etc.
- ➔ 3º Logo tendes que elixir un ou varios deses lugares dependendo do lonxe que estean e do tempo que tendes para facer a actividade.
- ➔ 4º Cando decidídeses o lugar e as palabras, collede os xices de cores e pasade á acción! Que non se vos esqueza que é unha acción para “decorar” non para “ensuciar” o lugar e que as persoas que pasen por alí fíxense e se vos preguntan, por suposto contádelles, que así o dades a coñecer máis.
- ➔ 5º Ao acabar podeades facer un coloquio...

## ...para reflexionar

- ➔ En que lugares creedes que participan e toman máis decisións as nenas e os nenos? Por que?
- ➔ Hai algún lugar onde non se escoita nunca á infancia e á adolescencia?
- ➔ Ata onde creedes que chegan as opinións das nenas e nenos? Ata onde deberían chegar?

## A propoñer!

- ➔ Como deberían mellorar os lugares onde se participa?
- ➔ Como fariades para que as opinións das nenas e nenos chegasen a máis xente? E ás persoas que deciden as cousas?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na **ficha de conclusións e facérolas chegar!** [Link excel](#)

E fotos cos espazos pintados se queredes, tamén! Subíndoas ao cartafol do Drive que crearemos para o voso grupo.

## Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ É conveniente utilizar material para pintar que sexa fácil de borrar (xices ou outros) porque é unha acción efémera.
- ➔ Pódese deseñar un cartel ou folleto e que a “acción reivindicativa” sexa saír á rúa para repartilos.

**SE QUERDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!**